

Proposta de Acordo pola que se establece o réxime de prestación de servizos do persoal que desenvolve a súa actividade laboral no territorio do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente acordo ten por obxecto regular as condicións da prestación de servizo do persoal dependente do centro directivo competente en materia de patrimonio natural, que está adscrito ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e desenvolve a súa actividade exclusivamente nalgún dos arquipélagos que compoñen o territorio do Parque, coa esixencia de pernoctar no respectivo arquipélago ou illa.

Segunda. Adscrición dos postos de traballo.

A adscrición dos postos a un arquipélago realizarase nos cuadrantes anuais de prestación de servizos. Por necesidades de servizo debidamente motivadas, a persoa titular da dirección do parque poderá adscribir temporalmente a un empregado aos cuadrantes dun arquipélago distinto do previsto nos aprobados inicialmente.

Terceira. Períodos de actividade durante o ano natural.

O período de actividade durante o ano natural divídese, cumprindo coa normativa en prevención de riscos laborais e demais normativa aplicable, nun período fixo e noutro variable.

a) No período fixo a actividade desenvolverase de xeito ordinario, ou ben, de xeito extraordinario. A actividade extraordinaria será a que se realice na tempada alta de visitantes ao parque, é dicir, do 15 de maio ata o 15 de setembro, así como na Semana Santa. A actividade ordinaria será a que se realice durante a tempada baixa e durante o tempo que non se define como período extraordinario ou que non estea establecido como variable no apartado seguinte.

b) O período variable é o que pode establecer a dirección xeral competente en materia de patrimonio natural, a proposta do director do parque, motivado por causas distintas ás da temporalidade. Este período variable, que implicará o desenvolvemento da actividade de xeito extraordinario, terá en todo caso unha duración máxima de de catro semanas, que se poderá fraccionar en dous períodos de 14 días. Poderán estar ou non unidos aos de carácter fixo e, en todo caso, a resolución que os determine notificarase ao persoal afectado a través dos correspondentes órganos de representación con 15 días de antelación.

CAPÍTULO II

Desenvolvemento da prestación de servizo

Cuarta. Réxime de prestación de servizo.

A prestación de servizo do persoal incluído dentro do ámbito de aplicación deste acordo/orde e adscrito ao parque desenvolverase en réxime de quendas semanais de traballo, que implicará, debido ao carácter insular do servizo, a permanencia no territorio do arquipélago de destino durante toda a duración da quenda semanal. O tempo de permanencia dividirase en tempo de traballo efectivo e tempo de permanencia, no que o persoal poderá ser requirido para prestar algún servizo que necesite unha atención inmediata.

As quendas de traballo terán unha secuencia de 7 días consecutivos, aos que sucederá un período de outros 7 días de descanso, dentro do que se considerarán incluídos os descansos semanais, así como as compensacións polos festivos traballados na quenda de prestación de servizos efectivos. Non se outorgarán descansos adicionais por calquera outra circunstancia.

Quinta. Xornada de traballo.

A duración máxima da xornada diaria de traballo efectivo durante o período fixo ordinario será de 7,30 horas e, a do período fixo en réxime de actividade extraordinaria e á do período variable, será de 10 horas. Para estes efectos, os empregados deberán gozar cada día de traballo dos períodos de descanso necesarios para que o tempo de traballo efectivo non exceda da duración máxima da xornada ordinaria de cada un dos períodos establecidos.

Cada empregado deberá entregar á dirección do parque ao finalizar cada quenda semanal de traballo un parte debidamente cuberto, con especificación do número de horas traballadas durante cada día, das bandas nas que se realizaron e as actividades desenvolvidas en cada xornada.

Sexta. Xornada máxima de traballo.

A xornada de traballo máxima, en cómputo mensual dependerá se os servizos se prestan en réxime de actividade ordinaria ou extraordinaria. En todo caso, O máximo de horas de traballo efectivo é de 1.665 horas en cómputo anual.

Os cuadrantes de quendas confeccionaranse no último trimestre do ano para todo o exercicio seguinte, serán públicos e dados a coñecer ao

persoal afectado. Os cuadrantes configuraranse de forma que os empregados gocen os festivos efectivamente de forma alterna, especialmente os das festas de Nadal.

Séptima. *Funcións do persoal adscrito aos arquipélagos e illas do parque.*

As funcións do persoal afectado por este acordo son as seguintes:

- a) Axentes forestais e facultativos medioambientais: levarán a cabo o control e vixilancia dos espazos naturais, así como o aproveitamento, restauración, mantemento, ordenación e defensa dos recursos naturais, cumprindo coa normativa en prevención de riscos laborais e demais normativa aplicable. No exercicio de tal competencia vixían, protexen e custodian o espazo natural, velando polo adecuado estado de mantemento e conservación do patrimonio natural e a biodiversidade que albergan, en atención á normativa específica, para o goce sostible de todos os cidadáns. Para tales efectos, teñen a función de informar, con carácter previo á súa autorización, os aproveitamentos e usos que se soliciten no seu ámbito, cando se considere necesario. Igualmente, de conformidade coas súas funcións, poderán levantar actas e realizar denuncias.
- b) Escala técnica de recursos naturais e forestais, Especialidade capataz: teñen como función a coordinación, organización e mantemento das instalacións e en xeral o desenvolvemento das actuacións que requiran o adecuado funcionamento destas, así como o resto das funcións que se recollen nas leis reguladoras correspondentes. Comparten cos axentes medioambientais a función de coordinar ao resto do persoal da escala de recursos naturais en terra e aos pertencentes á escala de gardas de recursos naturais que prestan servizo no espazo natural, aos que lles transmitiran as instrucións correspondentes.
- c) Escala auxiliar de recursos naturais e forestais, Especialidade oficial. En xeral realizan funcións propias de coidado de establecementos e instalacións, empregando maquinaria ou non, así como o resto das funcións que se recollen nas leis reguladoras correspondentes.
- d) Escala de Gardas de recursos naturais: En xeral realizarán funcións de policía e custodia, de mantemento das infraestruturas, así como o resto que se recollan nas leis reguladoras.

Aos efectos anteriores e a modo exemplificativo as labores de mantemento e conservación incluírán as seguintes tarefas:

- acendido de xeradores e comunicación de incidencias
- Limpeza de praias e camiños.
- Control do estado das instalacións, camiños, valados, cartelería, pequenas reparacións e xestión da reparacións con medios propios e/ou alleos.
- Mantemento de pistas, realizando limpeza de cunetas.

- Revisión de placas e equipos eléctricos e aviso, no seu caso, a empresa encargada dos arranxos.
- Revisión dos motores de auga, fugas, cebado se fora necesario e posta en funcionamento dos motores dos pozos para trasegar auga a los alxibes.
- Calquera outra función de análogo contido ou que teña que ver coas anteriores ou coas xerais de mantemento e conservación.

Todo o persoal se organiza xerarquicamente. Para o desenvolvemento das súas funcións, os axentes e capataces recibirán instrucións e ordes de servizo da dirección do parque, e coordinarán, dirixirán e supervisarán os servizos que teña que realizar o resto do persoal de campo no ámbito insular, sen prexuízo da coordinación, dirección e supervisión superior destes, que queda reservada á dirección do parque.

CAPÍTULO III

Réxime de descansos, compensacións económicas e mobilidade

Octava. Descansos, vacacións, permisos e licenzas.

a) Os empregados/as incluídos/as dentro do ámbito de aplicación deste acordo disporán dun descanso entre xornadas de un mínimo de 12 horas de duración, así como tamén disporán de un ou de varios períodos de descanso durante a xornada, de forma que o tempo de traballo efectivo non exceda da duración máxima da xornada ordinaria de traballo establecida para cada un dos períodos.

b) As vacacións a que terán dereito por ano completo de servizo serán de 6 semanas, que se terán que gozar necesariamente por semanas completas coincidentes coas quendas semanais. Durante os períodos nos que se desenvolva a actividade de xeito extraordinario só poderán gozar dun período de vacacións dun mínimo de unha semana e máximo de dúas, que coincidirán con quendas semanais completas de traballo. A súa distribución entre os efectivos realizarase de forma que se garanta a cobertura do servizo de xeito rotativo. Os restantes períodos de vacacións gozaranse durante o período ordinario, segundo o previsto nos cuadrantes.

Coa finalidade de planificar as quendas de traballo, as vacacións anuais deberanse solicitar antes do 31 de abril de cada ano natural e a súa aprobación por parte do director do parque poderá determinar unha reorganización dos cuadrantes aprobados para o resto do ano.

En todo caso, os períodos de vacacións non xerarán o dereito a unha quenda sucesiva de descanso, e, polo tanto, habilitarase como de traballo efectivo aínda que non estivera prevista inicialmente como tal.

c) As licenzas e permisos serán as establecidas con carácter xeral para os empregados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Novena. *Compensacións económicas.*

a) Compensacións económicas dos axentes forestais e facultativos medioambientais:

1º. Nos postos dos axentes adscritos ao Parque incrementase en 2.460€ anuais o compoñente singular do complemento específico sobre o importe que xa perciben na actualidade, coa finalidade de retribuír a insularidade e as especiais condicións de presenza nas que se desenvolve a prestación de servizo.

2º. Este persoal terá dereito a percibir a cantidade de 188,37 €/semana en concepto de complemento de produtividade por cada unha das quendas semanais de prestación efectiva de servizos en réxime de actividade extraordinaria, xa sexa no período fixo coma no variable, ou a cantidade que proporcionalmente corresponda ao tempo traballado no dito réxime, por razón da actividade extraordinaria que require o servizo na quenda semanal de traballo dos períodos extraordinarios.

b) Compensacións económicas dos postos das especialidades correspondentes ás especialidades da escala de recursos naturais e a escala de gardas de recursos naturais:

1º O persoal das especialidades de capataz e oficial da escala técnica e auxiliar de recursos naturais e forestais, respectivamente, incluído dentro do ámbito de aplicación desta orde terá dereito a percibir un complemento específico diferencial por importe de 5.264,04€/anuais, que retribuirá as condicións especiais de traballo como consecuencia da insularidade do lugar de traballo.

2º Este persoal terá dereito a percibir a cantidade de 188,37 € en concepto de complemento de produtividade por cada unha das quendas semanais de prestación efectiva de servizos en réxime de actividade extraordinaria, xa sexa no período fixo coma no variable, ou a cantidade que proporcionalmente corresponda ao tempo traballado no dito réxime, por razón da actividade extraordinaria que require o servizo na quenda semanal de traballo dos períodos extraordinarios.

c) As contías fixadas nesta orde para o complemento específico e de produtividade experimentarán os incrementos establecidos nas leis de orzamentos para as retribucións dos funcionarios públicos da Xunta de Galicia para os sucesivos exercicios.

d) Indemnizacións por razón de servizo.

1º. Todas as viaxes de ida e volta entre a illa de destino e o territorio peninsular serán por conta da Administración.

2º. O persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación desta norma terá dereito a percibir media axuda de custo por cada día de traballo da quenda prevista no cuadrante en réxime de actividade extraordinaria.

3º. En cada un dos arquipélagos e illa de adscrición haberá unhas dependencias acondicionadas para que o persoal as utilice como vivenda durante o tempo de permanencia laboral nelas. Esta ocupación da vivenda por razón do servizo non terá a consideración de residencia habitual e terá carácter extra salarial.

Décima. *Mobilidade funcional.*

A consellería de adscrición do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas poderá realizar convocatorias específicas de comisións de servizos reguladas no artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos arquipélagos con necesidades específicas de efectivos. O persoal que se traslade voluntariamente percibirá as retribucións correspondentes ao posto que realmente desempeña, sen prexuízo do dereito a percibir durante o tempo de duración da comisión de servizos da retribución correspondente aos conceptos de compoñente singular do complemento específico e de complemento de produtividade previstos neste acordó para o persoal con pernocta no parque. Tamén terán dereito a percibir as axudas de custo previstas nesta orde.

CAPÍTULO IV

Formación e Uniformidade

Décimo primeira.

Se establecerán programas formativos específicos dirixidos ao persoal do Parque Nacional das Illas Atlánticas, en función das necesidades detectadas. A formación incluírá tanto ao persoal da escala de axentes forestais e facultativos medioambientais como ao persoal laboral afectado por este acordo, no que atinxe ás cuestións comúns a ambos, sen prexuízo de que, por razón das súas funcións, se establezan actividades especializadas para cada escala ou categoría.

Igualmente o persoal afectado por este acordo poderá acceder as actividades formativas específicas para o parque que programe o Organismo Autónomo Parques Nacionais, sempre e cando foran

autorizados pola dirección do parque en atención ás necesidades do servizo.

Décimo segunda.

O persoal do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, actuará uniformado, salvo excepcións e en función das circunstancias do servizo, naqueles casos debidamente xustificados nos que se lle poderá autorizar de forma expresa e individualizada o non uso de uniforme. O uniforme será o que corresponda para o persoal da Rede de Parques Nacionais.

Disposición adicional

Única.- O presente acordo tamén será de aplicación aos funcionarios que ingresen a través das ofertas de emprego público correspondentes na nova escala de axentes técnicos en xestión ambiental e que ocupen postos da dita escala do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

Disposición Transitoria

Única.- As compensacións económicas que se regulan neste acordo a percibir polos axentes medioambientais se devindicarán unicamente no incremento que poidan supor ao respecto das compensacións que xa estiveran a percibir na actualidade en aplicación do Acordo sobre as condicións de traballo dos axentes forestais e facultativos medioambientais asinado en data 11.10.2018, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia no 17.01.2019 e publicado no DOG núm 214 do 11.11.2019.

Disposición derradeira

O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.